



www.agrela.com

**INCLÚE
GUIA DE
EMPRESAS
2024**



**REVISTA DE ACTIVIDADES
2023**

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE AGRELA



Copérnico 3, 1º



15008 Agrela, A Coruña



asociacion@agrela.com



www.agrela.com



Diseño e maquetación: www.bypatriciaalopez.com

Imaxes: Asociación de Empresarios de Agrela

Impreso: Gráficas Mera

ELABORA



ACTIVIDADE SUBVENCIONADA
POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA



Deputación
DA CORUÑA

2023



agrela

45678

ÍNDICE

- 06** Saúda da Presidenta
- 18** Agrela Celebra
- 30** Agrela Comunidade
- 42** Agrela coas Administracións Públicas
- 70** Agrela Sinerxias
- 78** Agrela no día a día
- 84** Agrela Recibe
- 88** Agrela Visita
- 98** Agrela Solidaria
- 106** Agrela Servizos de Valor
- 114** Guía de Empresas de Agrela



Sodes ben coñecedores do que este pasado ano 2023, significou para esta familia empresarial.

10 anos despois da creación do polígono, un grupo de empresarios entendeu que a maneira máis eficaz de resolver os problemas comúns, era unirse e traballar por un ben común, idea que plasmaron un 25 de outubro de 1973 constituíndo o que, hoxe é, a nosa Asociación de Empresarios de Agrela.

Que puidésemos celebrar un 50 aniversario tan especial, coa fortaleza e a unidade que nos caracteriza, é a mellor maneira de honrar e ratificar a decisión tomada por aqueles empresarios, xa que, 60 anos despois da creación do noso parque empresarial, todo ese traballo e esforzo conxunto, fixo posible que se alcanzasen grandes fitos, e por iso, Agrela hoxe en día, é un indiscutible referente empresarial, e un pilar fundamental de creación de riqueza económica e social.

Como presidenta, me enorgullece e reconforta o poder compartir coa gran maioría de vós eses momentos de felicidade no Acto conmemorativo da CenaGala, onde celebramos este Aniversario, resultando ser todo un éxito, contando coa presenza de preto de 300 persoas. Hai que destacar tamén a grata presenza dos máximos representantes de toda as Administracións Públicas, acompañados dun gran número de autoridades de cada unha delas, reflectindo unha vez máis a fortaleza e representatividade que ten a marca Agrela, e a estupenda colaboración público privada que a nosa Asociación mantén con todas as Administracións Públicas.

Tanto eu, como todos os meus compañeiros e compañeiras da Xunta Directiva e o persoal da Asociación, non nos cansaremos de agradecer a empatía, a comprensión e a confianza, que en todo momento trasladádesnos.

Moita forza e ánimo para os anos vindeiros. Contaredes sempre co noso apoio.

Un abrazo.

María Begoña López Martínez,
Presidenta da Asociación de Empresarios de Agrela



ÓRGANOS DE DIRECCIÓN

Unha **ASEMBLEA XERAL**, constituída polos asociados, reunidos conforme o establecido nos estatutos da Asociación. Esta Asemblea é o órgano supremo e soberano de Agrela.

Unha **COMISIÓN XESTORA**, órgano de goberno e administración de Agrela, que se constitúe de maneira automática, só no caso de que ocorra algún dos supostos que contemplan os estatutos.

Actualmente, son membros da Comisión Xestora de Agrela:

Belén Ares Iglesias (Cristalería O Reflexo, S.L.)

Francisco Caridad Caridad (Explotación de Inmobles e Alugueros, S.L.)

Javier Antonio Vázquez Sánchez (ABN Pipe Abastecementos, S.A.)

A XUNTA DIRECTIVA, ÓRGANO EXECUTIVO ENCARGADO DA DIRECCIÓN, GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DA ASOCIACIÓN, QUE ESTÁ FORMADA POR NOVE MEMBROS.

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

O mércores 24 de maio, celebrouse a asemblea xeral ordinaria da Asociación de Empresarios de Agrela, correspondente ao exercicio 2022.

Ademais de aprobarse o informe da Presidenta, a Memoria de Actividades, as Contas Anuais do exercicio 2022, o orzamento para o 2023 e a xestión levada a cabo pola Xunta Directiva, nesta Asemblea foi elixido José Benito Fresco López, da Fuga Spazio, S.L., por un primeiro mandato de catro anos, e para cubrir a vacante que deixaba o vicepresidente Eduardo Diz Querentes por finalización do seu segundo mandato de catro anos.

Isabel Moure Sagasti, da empresa Aluminios Castro, S.C.; Joan Vidal Amiel, da empresa Escola Infantil Trastes Agrela; e Baltasar López Lamas, da empresa Cash IFA - Gadisa; foron elixidos para renovar polo seu segundo e último mandato.

Doutra banda, a Asemblea ratificou a elección de Pedro Estellés López, ao substituír a Roberto Vázquez, como representante de Centro Comercial Marineda City.



AGRADECEMENTOS

Eduardo Diz Querentes, neto do segundo e máis carismático presidente de honra de Agrela, e representante da empresa Frigo Diz, S.L. e Carfrisa, foi elixido como membro da Xunta Directiva na Asemblea de xuño de 2015. Renovou o seu segundo mandato de catro anos na Asemblea de maio de 2019. En setembro de 2016 era elixido polos seus compañeiros vicepresidente de Agrela, cargo que ostentou ata a Asemblea Ordinaria de 2023 onde finalizaba o seu segundo mandato de 4 anos. Durante os seus 8 anos como membro da Xunta, Eduardo estivo comprometido totalmente coa Asociación á que dedicou o seu tempo, enerxía e experiencia, polo que non podemos máis que reiterar o noso agradecemento polo seu inestimable labor.



Roberto Vázquez Vázquez, como representante de C.C. Marineda City, tomaba a testemuña como membro da Xunta de mans de Ana M^a López expresidenta de Agrela en decembro de 2020. En febreiro de 2023, deixaba o seu cargo como directivo por deixar de representar á súa empresa. Durante o tempo que puidemos compartir con el, sentimos moi agradecidos polo seu compromiso e dedicación á nosa Asociación.





ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA

O xoves 8 de xuño, os empresarios e empresarias de Agrela, elixían por unanimidade, en Asemblea Xeral Extraordinaria, a don Manuel A. García Santamaría como Presidente de Honra da Asociación, sendo a terceira persoa á que a Asociación confire esta honra, en toda a súa historia.

Este nomeamento reconece a súa destacada traxectoria e contribución ao desenvolvemento da Asociación e a súa visión progresista e conciliadora para tratar os problemas aos que tivo que facer fronte durante os anos nos que formou parte da Xunta Directiva.

A Asemblea Extraordinaria, contou coa participación dun amplo número de empresari@s e amig@s que quixeron sumarse á merecida homenaxe.

Cabe destacar a asistencia de dous invitados excepcionais, José Manuel Zas Rodríguez, quen foi Secretario Xeral da Asociación durante moitos anos, e Teresa Soneira Lema, quen foi administrativa da Asociación durante máis de 20 anos.

Manuel A. García Santamaría, aproveitou para asinar no libro de honra coa súa nova condición de presidente de honra da asociación.

PRESIDENTES DE HONRA DE AGRELA

D. Javier Rey Bermúdez, Presidente entre o 5 de agosto de 1975 e 15 de xuño de 1978. (FLOTADORES HÉRCULES, S.A., TAEGASA e o TAREYSA).



Foi designado Presidente de Honra como recoñecemento da asemblea pola dedicación e interese que despregara en todo momento, realizando xestións para solucionar os múltiples problemas desta Asociación de Empresarios, destacándose a súa solidariedade con outros empresarios para solucionarlles moitos problemas, xa desde antes da fundación desta Asociación de Empresarios. (Asemblea do 15 de xuño de 1978.)



D. Eduardo Diz López, Presidente entre o 15 de xuño de 1978 e 4 de febreiro de 1991. (FRIGO DIZ e CARFRISA).

Foi designado Presidente de Honra na Xunta Directiva do 4 de febreiro de 1991 como recoñecemento á súa dilatada traxectoria profesional e o seu inmenso amor a este Polígono, á súa clase empresarial e, principalmente, á Asociación e a todos os seus membros. A proposta da Asociación, en abril de 2004, o Pleno do Concello aprobaba o seu nome, Eduardo Diz López para bautizar a chamada glorieta de bombeiros, acceso principal ao noso polígono. Doutra banda, o 13 de outubro coincidindo coa festividade de San Eduardo, organizouse unha homenaxe onde se inaugurou un monólito co busto de don Eduardo, do escultor Escudeiro e custeado polos seus traballadores e traballadoras. Foi unha sorpresa e un momento moi entrañable para el.

Este colectivo sempre lle lembrará como un empresario exemplar, traballador infatigable e, sobre todo e o máis importante, unha persoa entrañable, eminentemente admirada, respectada e querida por todos.



D. Manuel A. García Santamaría, Presidente dende o 25 de novembro do 2010 ata xuño de 2015., (INDUSTRIAIS PANADEIROS AGRUPADOS, S.A.)

Manuel A. García, director xeral durante máis de 35 anos en Ipasa, foi nomeado Presidente de Honra na Asemblea Xeral Extraordinaria do 8 de xuño de 2023, en agradecemento e para poñer en valor a importancia da influencia positiva que a súa dedicación, implicación e liderado supuxo para o bo rumbo desta Asociación de Empresarios de Agrela durante os seus 50 anos de historia. Durante o período 1978 a 1994, como tesoureiro-contador, destacou polas súas importantes contribucións e en especial a súa activa participación na posta en marcha do servizo de vixilancia en xullo de 1981. Na súa segunda etapa como membro da Xunta, de novembro de 2010 ao ano 2014, ostentou o cargo de presidente e foi durante o que logrou poñer as bases para iniciar un novo rumbo e lograr a estabilidade demandada polos empresarios naqueles momentos. Destacado tamén foi a profunda reforma dos Estatutos que levou a cabo durante a súa presidencia, e o ser capaz, xunto cos seus compañeiros da Xunta Directiva, de recuperar o servizo de vixilancia no ano 2011. Nesta emotiva Asemblea puidemos compartir con el o seu nomeamento, contando coa asistencia de don José Manuel Zas Rodríguez, secretario xeral da Asociación durante moitos anos, persoa moi querida e apreciada por toda a familia empresarial de Agrela, ao que tamén se aproveitou para agradecer cun gran aplauso todo os seus anos de esforzo e dedicación para lograr que Agrela puidese seguir sendo unha entidade empresarial exemplar e representativa.

XUNTA DIRECTIVA

María Begoña López Martínez

Talleres Hércules de Maquinaria

● PRESIDENTA



Joan Vidal Amiel

Escuela Infantil Trastes Agrela

● VICEPRESIDENTE



Isabel Moure Sagasti

Aluminios Castro

● SECRETARIA



José Manuel Carnota Mosquera

D.M. Ingeniería S.L.


● TESOUREIRO



Eva Brea Mourño

Funeraria Génesis Marrosa

● VOGAL



Jorge Gómez Torres

Cafés Siboney

● VOGAL



Pedro Estellés López

Centro Comercial Marineda City

● VOGAL



Baltasar López Lamas

Cash Ifa - Gadisa

● VOGAL



José Benito Fresco López

La Fuga Spazio, S.L.

● VOGAL



XUNTA DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN

A Xunta Directiva de Agrela é o órgano executor encargado da dirección, goberno e administración da Asociación.

Dende a súa constitución no ano 1973, ata xuño de 2019, a Xunta Directiva da Asociación de Empresarios de Agrela, estivo presidida por un total de 10 presidentes e as últimas dúas lexislaturas 2 presidentas, contribuíndo así a visibilizar o papel da muller no tecido empresarial de Agrela.

Como novas incorporacións, este ano este ano demos a benvida como vogais a Jose Fresco, xerente da Fuga Cycling e a Pedro Estellés, nomeado novo xerente de Marineda City.



agrela

C E L E B R A

AGRELA CELEBRA OS SEUS 50 ANOS

Con motivo do 50 Aniversario da Asociación de Empresarios de Agrela, o venres día 20 de outubro organizamos no Pazo de Vilaboa unha Cea de Gala arroupados pola máxima representación institucional e empresarial

Celebramos o 50 Aniversario da Asociación de Empresarios de Agrela e os 60 anos do Polígono organizando unha Cea de Gala, onde asistiron numerosas personalidades institucionais, Alfonso Rueda, Presidente da Xunta de Galicia; Inés Rey (Alcaldesa da Coruña); Pedro Blanco Lobeiras, (Delegado do Goberno); María Rivas López, (Subdelegada do Goberno); Valentín González Formoso, (Presidente da Deputación da Coruña); María Begoña López Martínez, (Presidenta da Asociación de Empresarios de Agrela); Manuel García Santamaría (Presidente de Honra de Agrela), entre outras autoridades, entidades empresariais, empresarios, empresarias, amigos e amigas.

Nesta cea, tamén se fixo un acto homenaxe ao recentemente nomeado presidente de Honra da Asociación de Empresarios de Agrela, don Manuel García Santamaría, polo seu imprescindible labor e implicación con este colectivo.

No evento presentamos o ciclo de entrevistas que se realizaron grazas á colaboración da Corporación Hijos de Rivera, o Museo Mega Mundo Estrela Galicia e a Deputación da Coruña, que gravamos con motivo do Aniversario para dar a coñecer mellor a esta familia empresarial.





■ Pedro Blanco - Delegado do Goberno en Galicia



■ Inés Rey - Alcaldesa da Coruña



■ Valentín González - Presidente da Diputación




■ Teresa Firvida- Xerente da Asociación



Muchas Gracias

Dende a Asociación queremos agradecer, de maneira especial, a colaboración da nosa asociada Berta Ramos, da empresa Animatium, pola súa participación como Mestra de Cerimonias na Cea Gala Aniversario.



COA COLABORACIÓN DE



CICLO DE ENTREVISTAS POLOS 50 ANOS DE AGRELA

Con motivo do 50 aniversario, quixemos homenaxear aos verdadeiros protagonistas da historia do noso parque empresarial, polo que realizamos un ciclo de entrevistas no que os empresarios e empresarias que forman ou formaron parte da historia do polígono e da nosa Asociación contáronnos anécdotas das súas vivencias en Agrela e déronnos o seu punto de vista sobre pasado do polígono e a súa evolución. Para poder dar voz a todas as rúas que compoñen Agrela realizamos un sorteo no que se elixiu a representación dunha empresa por rúa e que levou a cabo grazas á colaboración de dúas asociadas: M^a Elena De Paz da empresa Acuntia, e M^aLuisa Pereiro da empresa Expiga.



BEGOÑA LÓPEZ
Presidenta da asociación



EDUARDO DIZ
Vicepresidente



ISABEL MOURE
Secretaria



J. MANUEL CARNOTA
Tesoureiro



BALTASAR LÓPEZ
Vocal



EVA BREA
Vocal



JOAN VIDAL
Vocal



JORGE GÓMEZ
Vocal



PEDRO ESTELLÉS
Vocal



TERESA FIRVIDA
Xerente



QUECA ARES
El Reflejo
Avda. Fisterra



ANA GARCÍA
Bar-Gar
Rúa Arquímedes



FINA SÁNCHEZ
Carfrisa
Rúa Edison



ROSA BARREIRO
Aclad
Rúa Ermita



JUAN RILO
Frutas Rilo
Rúa Galileo Galilei



GONZALO CABO
Kärcher
Rúa Pasteur



FRANCISCO LOIS
Garajes Miramar
Rúa Isaac Peral



RAÚL ALONSO
Marceliano Martín
Rúa Gutenberg e sua travesía



CARLOS SUÁREZ
Sport Auto
Rúa Newton



MARCOS GARCÍA
Cosnor
Rúa Copérnico



FRANCISCO PAZOS
Volta
Rúa Juan da Cierva
e sua prolongación



JOSÉ CANCELA
Autocares Cancela
Rúa Gambrinus
y Jose M^o Rivera Corral



SAMUEL SÁNCHEZ
Comercial del Motor
Rúa Severo Ochoa
e sua prolongación



ALFONSO DOSIL
Albia
Rúa Madame Curie
e Avda. Sardiñeira



CARLOS LEIRA
Carlos Leira Díaz y Otros
Camiño de Agrela ao Martinete
e Camiño do Bosque



ANDRÉS LAGO
Prebetong
Estr. Baños de Arteixo
y Estr. de Carballo



CARLOS REY
Herrajes Rey
Lugar A Moura



ANTONIO YÁÑEZ
Biologique Recherche
Rúa Torres Quevedo



GLORIA GARCÍA
Bivestour
Socios colaboradores

A EXPERIENCIA DE CATRO EMPRESARIOS/AS HISTÓRICOS



ENTREVISTAS ESPECIAIS



ANTONIO VIEJO
Hijos de Rivera

Director de Asuntos Corporativos da Corporación HR, empresa da que Agrela tivo o seu primeiro presidente.



MANUEL A. GARCÍA
Ipasa

Presidente de Honra de Agrela e exdirector Xeneral de Ipasa



Ana Mª López, primeira presidenta de Agrela, e Teresa Soneira, quen foi empregada da Asociación durante máis de 20 anos, interviñeron por sorpresa durante a entrevista de Begoña López e de Teresa Firvida, respectivamente, xa que tamén quixeron estar presentes e felicitar á Asociación por este Aniversario.



Muchas Gracias

Queremos agradecer de maneira especial, a imprescindible colaboración de Óscar López, Responsable Comercial do Museo Mega polo seu entrañable papel como entrevistador.

Tamén, queremos expresar o noso máis sincero agradecemento á Corporación Hijos de Rivera, ao Mega Museo Estrela Galicia e á Deputación da Coruña polo xeneroso apoio que nos brindaron para poder levar a cabo o ciclo de entrevistas con motivo do 50 Aniversario. Estamos verdadeiramente agradecidos pola confianza e compromiso depositado para facer da nosa iniciativa unha realidade.



Podes ver todas as entrevistas na nosa Canle de Youtube @asociacionempresariosagrela
Tambien no noso LinkedIn, Facebook e Instagram.

agrela

COMUNIDADE

AGRELA COMUNIDADE

Como cada ano dende a Asociación realizamos multitude de actuacións en busca de mellorar o noso Parque Empresarial, estado das nosas vías, beirarrúas, zonas axardinadas, prazas de aparcamento, accesos, novos servizos.

Queremos crear un barrio que avance cada ano, por iso tamén xestionamos as incidencias que suceden no día a día en Agrela, nos espazos públicos, para que poidan resolverse canto antes.

Esta labor, en gran parte, é grazas ás empresas e usuario@s que nos facedes chegar as problemáticas, axudándonos a detectar mellor e máis rápido incidencias grandes ou pequenas, que requiren dunha solución.

Nesta área funcionamos como unha comunidade de propietarios, tramitando as solicitudes e realizando o correspondente seguimento das actuacións para que as solucións cheguen canto antes.

O noso traballo diario, encamiñado a mellorar o noso Parque Empresarial e a súa mobilidade, humanizando cada día máis o noso barrio, en beneficio das empresas, os traballadores, traballadoras e de todas as persoas que veñen realizar as súas compras ou simplemente a pasear por Agrela.

REPARACIONES VARIAS



■ Reparación bache en Gambrinus



■ Reparación bache en Galileo Galilei

REPARACIONES VARIAS



■ Reparación bache en José María Rivera Corral



■ Reparación caja R cable en calle Gutenberg

REPARACIONES VARIAS



ANTES



DESPOIS

■ Bache en Galielo Galilei



ANTES




DESPOIS

■ Corte de herba macizo en Galileo Galilei

REPARACIONES VARIAS



■ Colocación de espello no cruzamento Arquímedes con Pasteur



■ Reposición de espello no Bosque



ANTES



DESPOIS

■ Na parte de abaixo do callejón de Newton solicitouse unha papeleira e un punto de descanso para os traballadores e traballadoras da zona.

REPARACIONS VARIAS



ANTES




DESPOIS

■ Iluminación no callejón detrás da Ermida



ANTES



DESPOIS

■ Farol reparado na Ermida

LABORES DE LIMPEZA



ANTES




DESPOIS

■ Limpeza do lixo en Isaac Peral



ANTES



DESPOIS

■ Limpeza do lixo en Galileo Galilei

AGRELA RESOLVE

Na Asociación resolvemos moitas das problemáticas do día a día que as nosas empresas trasládannos ao longo do ano.

Damos solución directa tanto a todo tipo de incidencias particulares, como ás demandas colectivas, cuxa resolución repercute moi positivamente no conxunto do Parque Empresarial de Agrela e na cidade da Coruña.




Nos@s asociad@s delegan en nós moitas xestións e así poden centrarse no realmente importante, que é a dirección e xestión das súas empresas.

Levamos moitos anos resolvendo dúbidas e xestionando diferentes problemas a nos@s asociad@s.



¡CHÁMANOS AO 981 25 09 37!

Resolveremos as túas dúbidas e axudarémosche a solucionar e xestionar os teus problemas.



2.606

XESTIÓNS REALIZADAS PARA AS NOSAS EMPRESAS
REXISTRADAS DURANTE 2023

XESTIÓNS DESTACADAS

1.472

CONSULTAS E XESTIÓNS
RELACIONADAS COAS ADMINISTRACIÓN
PARA DAR **SOLUCIÓNS A PROBLEMÁTICAS**

26

CONSULTAS RELACIONADAS COA **CAMPAÑA
COMPRA EN AGRELA**

17

CONSULTAS E XESTIÓNS EN RELACIÓN A **TAXAS,
IMPOSTOS E SUBVENCIONS**

45

XESTIÓNS E TRÁMITES RELACIONADOS COAS
RESERVAS DE ESPAZO

97

XESTIÓNS RELACIONADAS CON **MOVILIDAD E
APARCAMENTOS**

233

CONSULTAS Y GESTIONES RELACIONADAS CON
LA WEB, GUÍA DE EMPRESAS Y REDES SOCIALES

267

CONSULTAS E XESTIÓNS RELACIONADAS CO
SERVIZO DE VIXILANCIA

148

XESTIÓNS RELACIONADAS CON **AGRELA
NEGOCIA E DEPÓSITOS**

138

XESTIÓNS RELACIONADAS CON **FORMACIÓN
E ALUGUEIRO DE INSTALACIONES PARA A
FORMACIÓN**

89

XESTIÓNS RELACIONADAS CON **BOLSA DE
EMPREGO**

21

CONSULTAS E XESTIÓNS EN RELACIÓN A
LICENZAS DE VAO E LICENZAS DE APERTURA

53

CONSULTAS RELACIONADAS COA **LIMPEZA,
REBACHEO E XESTIÓN DE RESIDUOS**

NA NOSA WEB WWW.AGRELA.COM IN-
FORMÁMOSVOS CON MAIOR DETALLE
DOS TRÁMITES E XESTIÓNS REALIZADAS
POLA ASOCIACIÓN.


agrela

COA ÁREA DE INFRAESTRUTURAS DO CONCELLO



FINALIZA A REURBANIZACIÓN DE SEVERO OCHOA

Dende a Asociación viña demandando desde hai tempo as obras de mellora e de humanización realizadas na rúa Severo Ochoa, onde se reurbanizaron case 15.000 metros cadrados de superficie, mellorando a accesibilidade xeral da rúa, ampliándose as beirarrúas, renovación do firme e das paradas de bus, así como a creación de novas zonas verdes, a plantación de árbores e a construción dun novo tramo do carril bici, zonas de aparcamento... As obras que supuxeron un investimento superior aos 800.000 euros, cofinanciáronse un 80% cos fondos FEDER, a través do plan de rexeneración urbana, dentro da estratexia EidusCoruña.



URBANIZACIÓN EN SEVERO OCHOA

■ Urbanización tramo viario de subida en Severo Ochoa




■ Uns dos cruces onde máis nos demandaban unha solución para incrementar a seguridade dos peóns era no paso de peóns de Severo Ochoa próximo a Newton, para iso, solicitouse que se incluíse no proxecto de urbanización de Severo Ochoa a elevación do paso de peóns para favorecer a seguridade peonil na devandita rúa.




CAMBIO PARADA DEL BUS

- Urbanización esquina Newton e cambio da parada do bus




REURBANIZACIÓN CALLE ERMITA Y NEWTON

- Grazas á colaboración da empresa Galektra e Ábaco CR, púidose colocar a través de Infraestruturas uns puntos de luz no callejón da Ermida, pola parte de atrás do Iglesario.



- Dado o éxito da recuperación dos macizos en Newton, dende a Asociación seguiremos solicitando a reconversión doutras zonas. En 2023, púidose conseguir a reurbanización do macizo esnaquizado situado na rúa Galileo Galilei. Xa se solicitou a mesma fórmula para varios situados en Pasteur, e para reorganizar espazos en diferentes tramos de Gambrinus.



agrela

COA ÁREA DE MOBILIDADE DO CONCELLO



MELLORAMOS A MOBILIDADE EN AGRELA

Dende Agrela estímase que un 20.000 traballador@s desprázanse a diario aos seus postos de traballo. Por iso, os problemas para atopar un sitio onde estacionar os vehículos e a falta doutros medios de transporte alternativos, convertéronse nas demandas máis unánimes que recibe desde hai tempo o noso colectivo. En 2023 realizamos actuacións para mellorar a mobilidade sostible, unha delas foi a instalación dun dos 10 novos aparcabicis, que como proxecto piloto, o concello adquiriu para colocar na nosa cidade. O lugar elixido para iso, foi a rúa Galileo Galilei esquina con Severo Ochoa. Outra foi a instalación de dous puntos de BiciCoruña, un novo aparcamento para motocicletas e unha marquesiña nova na parada do autobús da liña 11 na parada de José María Rivera Corral.



SOLUCIÓNS DE MOBILIDADE EN AGRELA

- **APARCAMENTO PARA MOTOCICLETAS:** Dado o gran número de motocicletas que demandaban un aparcamento na zona de Copérnico, solicitouse a Movilidad que se habilitase un tramo para que as motos puidesen aparcarse adecuadamente.




ANTES



DESPOIS

- **MARQUESIÑA NOVA EN AGRELA:** Solicitouse unha marquesiña na parada de José María Rivera Corral que protexese as persoas usuarias da liña 11, especialmente nos días de choiva e vento.



ANTES



DESPOIS

BICICORUÑA EN AGRELA

- **BICICORUÑA EN AGRELA:** Primeiros puntos que se instalaron en Gutenberg.



ANTES



DESPOIS

- **BICICORUÑA EN AGRELA:** Primeiros puntos que se instalaron en Martinete altura Marineda.



ANTES



DESPOIS

agrela

COA ÁREA DE MEDIO AMBIENTE DO CONCELLO



TRABALLOS DE MANTEMENTO EN ZONAS AXARDINADAS

A través da Concellería de Medio Ambiente, conseguiron levar a cabo servizos tan importantes como o mantemento de zonas verdes, poda de árbores, recollida de lixo, recollida porta a porta de residuos e limpeza de beirarrúas, viarias e xardíns, que nos axudan a mellorar e humanizar as rúas do noso Parque Empresarial, para que tanto os traballadores e traballadoras como calquera persoa que nos visite, senta nunha contorna moito máis agradable e coidado.


Estes servizos de mantemento son imprescindibles para a imaxe das nosas rúas e a humanización das mesmas. a continuación deixámosvos algúns exemplos do que supón para Agrela dispoñer deste servizo. Xardín replantado nos macizos da rúa Newton




■ Corte de herbas en Galileo Galilei.




■ Recollida de residuos en zonas verdes.




■ Corte de herbas na senda peonil e ciclable de Baños de Arteixo.



■ Replantado de xardíns na esquina de Newton con Severo Ochoa.



■ Mantemento da rúa Ermida



■ Exemplo corte de palmeiras na rúa Gutenberg



■ Mantemento dos nosos xardíns e poda de árbores



■ Servizo de limpeza



■ Servizo de recollida porta a porta



agrela

COA ÁREA DE SEGURIDADE CIDADÁ DO CONCELLO



SIMULACRO DE INCENDIOS EN AGRELA

Agrela en colaboración con Bombeiros da Coruña, o 17 de outubro, realizou un simulacro de incendios e un curso práctico de manexo de extintores dentro da semana da prevención de incendios da Coruña.



A incidencia para resolver constaba dun lume que se iniciaba nunha das oficinas do portal 3 de Copérnico propagándose o fume ao resto de locais e cunha persoa intoxicada que entraba en parada cardiorespiratoria.

Avisouse aos servizos de emerxencias exteriores (bombeiros), activouse a alarma de incendio do centro e o persoal da Asociación trasladou á persoa intoxicada a unha zona segura mentres unha delas iniciaba as manobras de reanimación cardiopulmonar (RCP) sen deixar de facelo e alternándose cun traballador doutra empresa ata a chegada dos servizos de emerxencia, e a outra, avisaba ao resto de oficinas do incendio para evacuar.

Con estas iniciativas sensibilizamos sobre a importancia de realizar simulacros e asegurar que, en casos de emerxencia, o persoal estará ben informado acerca de como actuar, e as instalacións estarán preparadas.

Estas iniciativas resaltan o papel proactivo que desempeña a Asociación na seguridade tanto dos seus empregados como da comunidade en xeral.

agrela

COA ÁREA DE COMERCIO E A ÁREA DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA DO CONCELLO

BOLSA E CALENDARIO- ALFOMBRILLAS

Grazas á colaboración da área de comercio do Concello da Coruña, realizamos unhas bolsas, estilo Tote Bag, e unhas alfombrillas para promocionar o comercio no noso Parque Empresarial que entregamos ás nosas empresas asociadas e nas formacións que realizamos na nosa sede e así apoiar o comercio en Agrela.

Tamén se repartiron na carreira solidaria organizada polos voluntarios de Hijos de Rivera en favor do Banco de Alimentos. Coa Colaboración Federación Unión Comercial Coruñesa, FUCC.



■ Calendario - Alfombrilla e Tote Bag promocional.

- ✓ Con motivo do Aniversario, en colaboración coa Área de Promoción Económica do Concello, a Asociación realizou un estudo para analizar como foi constituíndose o parque empresarial, perfil de actividades, emprego, infraestruturas, etc, para poder ter unha radiografía de como era e como é e que achega hoxe en día o parque empresarial á cidade da Coruña e a súa área de influencia.

agrela
COA DEPUTACIÓN



ENTREVISTAS 50 ANIVERSARIO

Para poder levar a cabo o completo “Ciclo de Entrevistas” contamos coa colaboración da Deputación da Coruña, a través do programa de subvencións FOENAA, e tamén, co Museo Mega Estrella Galicia, quen nos cedeu o seu estudo de gravación.



Programa de subvencións dirixido a entidades para actividades de promoción económica, proxectos e de dinamización do comercio (FOENAA).



agrela
COA XUNTA DE GALICIA



A XUNTA EXECUTA O ASFALTADO DE TRAMOS DA ESTR. BAÑOS DE ARTEIXO

No ano 2023, ademais de solicitar como cada ano, o mantemento da mediana da Avenida de Fisterra e os xardíns do illote e pé da pasarela peonil en Newton, dado o elevado grao de deterioración dos viais principais de Baños de Arteixo competencia tamén da Xunta de Galicia, a Asociación solicitou o seu asfaltado, así como, a limpeza das pendentas no paso inferior da glorieta de Ikea, que tamén atenderon de maneira rápida.

Como sempre, agradecemos moito a colaboración público privada, imprescindible para manter os espazos acondicionados e coidados.

Dando continuidade á boa relación entre a Asociación de Empresarios Agrela e a Consellería de Infraestruturas, seguiremos traballando de xeito conxunto para garantir que as vías de comunicación sexan seguras e eficientes para todos os usuarios e usuarias que pasen por Agrela.



■ Asfaltado de baches en Baños de Arteixo

ANTES




DEPOIS



■ Mantemento herbas Newton



■ Retirada herbas da pendente en Baños de Arteixo



■ Corte de herbas en Baños de Arteixo



MANTEMENTO CON ADIF

Propietaria da infraestrutura e encargada da xestión, que proporciona servizos a calquera operador ferroviario, colaborou tras a solicitude da Asociación de Empresarios de Agrela, co mantemento da contorna da vía do tren que pasa polo noso Parque Empresarial.



EMALCSA RETOMOU OS TRABALLOS PARA MELLORAR O SANEAMENTO EN AGRELA

A Empresa Municipal de Augas da Coruña (EMALCSA) renovou os traballos destinados a mellorar o saneamento da rede de auga en Agrela. Tras unha pausa temporal, a entidade retoma este proxecto vital para garantir un mellor servizo ás empresas situadas nas nosas rúas.

O proxecto de mellora contempla a substitución das tubaxes de fibrocemento por tubaxes de fundición dúctil, material máis fiable, resistente e duradeiro que os actuais canos. A actuación inclúe ademais, a renovación do sistema de válvulas e acometidas.

agrela

SINERXIAS

III FEIRA DO AUTOMÓBIL EN AGRELA

Co obxectivo de reafirmarse como o lugar de referencia para os clientes que que- ren dispoñer dunha ampla gama de marcas e modelos cunha atención especia- lizada e sobre todo próxima e accesible, outro ano máis se celebrou no noso Parque Empresarial a Feira do Automóbil.

O acto de presentación, estivo apoiado polo Presidente da CEC, don Anto- nio Fontenla Ramil, pola Deputación da Coruña, coa asistencia de don José Ramón Rioboo Castro, pola Xunta de Galicia coa asistencia de don Gon- zalo Trenor López e pola Subdelegación do Goberno, coa asistencia á sú a vez, de dona María Rivas López, subdelegada do Goberno na Coruña. Na mesa tamén participou Cristina Liñares, como voceira dos Concesionarios participantes.

A Feira levou a cabo durante tres días consecutivos, 29,30 de xuño e 1 de xullo, os asistentes tiveron a oportunidade de gozar dunha ampla variedade de modelos e marcas de vehículos, xunto cun cupón de desconto de 200€ na compra do seu coche desexado.



OS CONCESIONARIOS DO NOSO PARQUE EMPRESARIAL UNÍRONSE UN ANO MÁIS PARA CELEBRAR A III FEIRA DO AUTOMÓBIL EN AGRELA



CARRERA E HIJOS



GONZACAR



GRUPO BREGÁN



GALCAR



HYUPERSA FINISTERRE MOTOR



INTEGRAL MOTION



CORGAL AUTOMÓVILES



SPORTAUTO GALICIA



FIATEIRA MOTOR



YAÑEZ

10 Concesionarios, representando a máis de 20 marcas. Unha feira que impulsa o sector do automóbil da Coruña cunha especial importancia, abrindo a porta a que poidanse xerar novas iniciativas para dar a coñecer a oferta comercial do noso Parque Empresarial de Agrela.

SEARA CHRISTMAS NETWORKING MEGA

Agrela, da man da nosa xerente, compartiu o 20 de decembro de 2023, cos empresarios e empresarias da Asociación de Empresarios de Seara, o seu evento “SEARA Christmas Networking MEGA”, que organizaron no Mega Museo Estrella Galicia no noso parque empresarial, e onde tiveron un peche con broche de ouro, xa que contaron coa presenza do Presidente Executivo de Hijos de Rivera, don Ignacio Rivera Quintana.

Compartindo este evento, grazas á invitación da directora de Seara Carolina García, reflíctese a colaboración e magnífica relación que teñen ambos colectivos empresariais.



POCOMACO INCLUYE NA SÚA REVISTA UNHA ENTREVISTA DA NOSA PRESIDENTA E A NOSA XERENTE

Con motivo do noso 50 Aniversario, os nosos veciños de Pocomaco, quixeron incluír na súa revista de decembro, unha entrevista conxunta á nosa presidenta Begoña López, e á nosa xerente, Teresa Firvida, un xesto que agradecemos moito, e que pon en valor, a boa relación e o traballo conxunto que vimos mantendo ambos os polígonos.

Podeis ler a entrevista en www.pocomaco.com. Ou escoitar o podcast na súa canle de Youtube (episodio 6)



La Voz de Galicia

Teresa Firvida, de la Asociación de Empresarios de Agrela: «La vía hará más competitivo al tejido empresarial»

La gerente de la **Asociación de Empresarios de Agrela, Teresa Firvida**, considera que la cuarta ronda es «una pieza clave y de interés general», ya que «hará más competitivo al tejido empresarial actual y futuro» aportando «importantes mejoras en la accesibilidad y en la movilidad». Para ello, pide que el proyecto tenga en cuenta las conexiones que plantean para conectar los polígonos y «aliviar varios puntos como la glorieta de Eduardo Diz, la Avenida de Arteixo y Salgado Torres», que soportan un alto nivel de tráfico que aumentará con el desarrollo del puerto exterior y Morás. «Estimamos que más de 15.000 vehículos diarios circulan por nuestras calles, sin contar los que vienen como lugar de paso», apunta Firvida sobre la carga de A Grela.

La gerente tiene claro que «a una infraestructura de estas características con un impacto tan grande sobre un territorio hay que sacarle el mayor partido posible». Por ello, solicitaron desde el primer momento la «implicación y colaboración» de las Administraciones y agradece el impulso de Inés Rey a la obra.


También ensalza el equipo que formaron entre los polígonos y los vecinos, conscientes del «gran beneficio» que podían lograr si se ejecutan los nudos que plantean. «Conseguimos que la cuarta ronda empezase a ser nombrada en diferentes foros», sostiene. «Coincidimos en que se trata de una gran oportunidad para nuestra comunidad, porque se traducirá en riqueza económica y social, con el asentamiento de nuevas empresas», subraya Firvida.

AGRELA APOIO Á CUARTA ROLDA

En novembro de 2023, o Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana publicaba, por fin, no BOE/BOE, a licitación da redacción do proxecto de trazado e construción para a prolongación do acceso viario ao porto exterior, que se vén denominando Cuarta Rolda. Con esta infraestrutura o obxectivo do Goberno era unir a entrada á dársena de Arteixo coa AC-14 e a autovía urbana que entronca coa A-6, pero grazas ao traballo levado a cabo por Agrela, Pocomaco, Vío e a Federación de Vecinos, se prevee que se inclúan ao tronco de fomento unha serie de vías colectoras e ligazóns que permitan mellorar a mobilidade da Coruña e toda a súa área metropolitana, unha infraestrutura que dun verdadeiro sentido á nosa cidade.

La Voz de Galicia publicaba un especial onde daba de maneira moi ampla toda a información relativa a esta infraestrutura e incluía entrevistas a varios membros do “Pull” de apoio creado para apoiar esta infraestrutura, entre os que se atopa Agrela, a través da nosa xerente Teresa Firvida.

PROPOSTA DE COMO PODERÍA CHEGAR A CONECTAR A CUARTA ROLDA



agrela

NO DÍA A DÍA

CICLO DE CONFERENCIAS COA NOSA EMPRESA DOCUTEN

Da man de Docuten, empresa tecnolóxica que ten como obxectivo converter aos seus clientes en empresas “sen papel” a través da dixitalización administrativa, organizamos 5 xornadas nas que coñecemos máis a fondo todo o relacionado sobre a dixitalización empresarial.

Cinco webinars de 30 minutos + rolda de preguntas, de carácter práctico coa finalidade de formar e informar os interesados acerca da dixitalización administrativa (legalidade, tecnoloxías e estado actual).

CICLO DE XORNADAS: DIXITALIZACIÓN ADMINISTRATIVA

✓ Ciclo formativo “Dixitalización administrativa: A túa aliada para o crecemento e a internacionalización”. Agrela, xunto a Pocomaco, Bergondo, Sabón, Carballo e As Pontes organizaron 5 xornadas relacionadas coa dixitalización empresarial.

XOVES 2 DE FEBREIRO:

✓ A dixitalización, unha ferramenta básica para as empresas.

XOVES 16 DE FEBREIRO:

✓ Estado da situación da firma dixital en España e Europa.

XOVES 23 DE FEBREIRO:

✓ Como aplicar a firma dixital na miña compañía: casos de uso.

XOVES 9 DE MARZO:

✓ Estado da situación da factura electrónica en España e en Europa.

XOVES 16 DE MARZO:

✓ A dixitalización administrativa como aliada á internacionalización.



